

REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado por acordo do 28/02/2018 e do 27/02/2019)

1. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE CÁTEDRAS DE UNIVERSIDADE

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicaranse os criterios que se especifican a continuación, tendo prioridade as convocatorias de promoción interna sobre as de queda libre:

Primeiro- Só para a Oferta de Emprego Público (OEP) do ano 2017, terán prioridade os/as Profesores/as Titulares de Universidade cuxa promoción foi aprobada no Consello de Goberno na sesión do 17 de xullo de 2012, como resultado do procedemento establecido no Programa de promoción do Persoal Docente e Investigador acreditado (aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012), segundo os seguintes criterios por orde de prelación:

- 1º. Ano da acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade¹
- 2º. Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña²

Segundo- No caso de que as prazas seleccionadas segundo os apartados anteriores non cubran todas as prazas ofertadas na OEP, seleccionaranse os/as candidatos/as entre o profesorado das categorías de Titular de Universidade ou Catedrático de Escola Universitaria da UDC segundo os seguintes criterios por orde de prelación:

- 1º. Data da acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade¹
- 2º. Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña²

Seleccionaranse unha praza por rama de coñecemento³, de permitilo o número de prazas ofertadas na OEP. No caso de que se poda convocar máis dunha praza por rama de coñecemento, seguirase cos criterios anteriores sen restricións de rama.

2. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PRAZAS DE TITULAR DE UNIVERSIDADE

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicarase o criterio que se especifica a continuación:

Seleccionaranse os/as candidatos/as entre o profesorado que estea contratado na actualidade coa figura de Profesor/a Contratado/a Doutor/a segundo os seguintes criterios por orde de prelación:

- 1º. Data da acreditación ao corpo de Titulares de Universidade¹
- 2º. Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña²

1 Tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

2 Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con tódolos seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e a antigüidade recoñecida no seu expediente persoal nos programas de formación postdoutoral

3 A rama de coñecemento será a correspondente á Comisión de Acreditación que conste no Certificado de Acreditación Nacional. (redacción dada por acordo do Consello de Goberno do 28/02/2018)

3. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PRAZAS DE CONTRATADO/A DOUTOR/A

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicaranse os criterios que se especifican a continuación:

Primeiro- Profesorado afectado pola disposición transitoria terceira dos Estatutos da UDC.

Segundo- No caso que as prazas seleccionadas segundo o apartado anterior non cubran todas as prazas ofertadas na OEP, terán prioridade sobre os restantes para a convocatoria de prazas de profesor/a contratado/a doutor/a, aqueles/as profesores/as que remataron os seus contratos de Axudante Doutor/a ou do programa Isidro Parga Pondal no ano anterior e quedaran excluídos por falta de prazas nas OEPs.

Terceiro- No caso de non se cubrir toda a OEP de prazas de profesor/a contratado/a doutor/a segundo o establecido no punto segundo, terán prioridade sobre o resto de Axudantes Doutores/as aqueles/as que rematen o seu contrato antes do 31 de agosto do ano seguinte ao que se aprobe a OEP.

Cuarto- No caso de existir máis candidatas ou candidatos que prazas na OEP nos apartados segundo e terceiro, ordenaranse tendo en conta a suma das seguintes valoracións:

1. Antigüidade como acreditado/a a Profesor/a Titular de Universidade ou antigüidade na avaliación positiva para Profesor Contratado Doutor⁴ a 1 de xaneiro do ano de aprobación da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano valoraranse de forma proporcional. Máximo: 6 puntos.
2. Antigüidade como Persoal Docente na UDC, a 1 de xaneiro do ano de aprobación da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano valoraranse de forma proporcional. Máximo: 8 puntos.

No caso de empate na suma das puntuacións anteriores, terá prioridade aquel/a profesor/a que primeiro remate o seu contrato como Axudante Doutor/a.

Disposición adicional primeira

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente realizará unha convocatoria anual co fin de que o profesorado Titular de Universidade e Catedrático de Escola Universitaria, interesado en acceder ao corpo de Catedráticos/as de Universidade, solicite a creación dunha praza na súa área de coñecemento. De igual xeito procederase co profesorado Contratado Doutor, interesado en acceder ao corpo de Titulares de Universidade.

Estas convocatorias publicaranse na Sede Electrónica da UDC tralo anuncio da OEP no DOG. Co fin de darlle a máxima difusión, a publicación realizarase en período lectivo.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados e dos servizos da UDC.

4 Tomarase como referencia a data da resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a data de efectos que se recolle na resolución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no caso de acreditación pola ANECA. No caso de acreditación a Titular de Universidade tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta ao Consello de Goberno.

Disposición adicional segunda

En aplicación da disposición adicional segunda e décimo sétima da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU) (BOE núm. 89, do 13/4/2007), os/as profesores/as titulares de escola universitaria e os profesores funcionarios numerarios da escala de profesores do INEF de Galicia que posúan o título de doutor ou o obteñan no futuro, e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 57 da LOU, accederán directamente, previa solicitude, ao corpo de profesores titulares de universidade, nas súas propias prazas.

Do mesmo xeito, en aplicación da disposición adicional terceira da mesma Lei orgánica 4/2007, os/as profesores/as que estean contratados/as como colaboradores/as con carácter indefinido, posúan o título de doutor ou o obteñan no futuro e reciban a avaliación positiva a que se refire a alínea a) do artigo 52 da LOU, accederán directamente, previa solicitude, á categoría de profesora ou profesor contratado doutor, nas súas propias prazas.

Disposición adicional terceira

O/A profesor/a solicitante dunha praza que non acadase a promoción non poderá solicitar unha nova praza nos seguintes 5 anos, que se contarán dende a data da resolución da praza.

Disposición adicional cuarta

Para a selección de prazas de PDI deseñarase un programa específico para a estabilización e/ou promoción daquelas persoas que obtivesen axudas en programas de alto nivel competitivo, nomeadamente aqueles que teñan incidencia positiva sobre o indicadores de calidade da UDC. Tales programas serán determinados polo Consello de Goberno. Este programa específico deberá implantarse a partir de 2018.

Disposición derogatoria única

Queda derogado o Programa de promoción do persoal docente e investigador acreditado (Aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012)

Disposición derradeira única

Este regulamento entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC e será de aplicación na Oferta Pública de Emprego do Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña do ano 2017

APÉNDICE

Xustificación da proposta de modificación do 27/02/2019

O Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, ten como prioridade dotar das prazas necesarias para permitir a estabilización do profesorado contratado coa categoría de axudante doutor/a e que teñen taxado polo artigo 50 da LOU o período máximo de duración dos seus contratos.

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente ven de revisar as datas de finalización dos contratos do actual profesorado axudante doutor e facer unha previsión da finalización dos contratos do profesorado que sexa contratado coa resolución do concursos convocados por Resolucións do 26/10/2018 e 17/12/2018. Desta análise despréndese un desaxuste que provocará a actual redacción do regulamento de execución das OEP no referente as prazas de contratado/a doutor/a:

1. No ano 2020 rematan o seu contrato 23 axudantes doutores/as, dos cales 3 rematan entre xaneiro e maio que, dados os tempos de aprobación da OEP, deberán ser contratados como profesores/as interinos/as de substitución ata a aprobación e publicación da OEP do ano 2020.
2. No ano 2021 rematan o seu contrato 17 axudantes doutores/as, todos a partir do mes de setembro.
3. No ano 2022 rematan o seu contrato 3 axudantes doutores/as, dos cales 2 rematan entre xaneiro e febreiro. De novo cos tempos de aprobación da OEP, deberán ser contratados como profesores/as interinos/as de substitución ata a aprobación e publicación da OEP do ano 2022, oferta que só incluíría 3 prazas.
4. No ano 2023 rematan o seu contrato 19 axudantes doutores/as, todos rematan entre xaneiro e maio polo que a maioría deberían ser contratados como profesores/as interinos/as de substitución ata a aprobación da OEP 2023.
5. No ano 2024 rematarán 21 contratos das prazas de axudantes doutores/as que están en proceso de selección, previsiblemente durante no primeiro semestre do ano 2024, tamén podería darse o caso de ter que recorrer ao contrato de interino/a de substitución para manter a vinculación contractual deste profesorado.

A proposta de revisión da normativa de execución das OEP consistiría na modificación da data de finalización dos contratos que teñen prioridade para acceder a convocatoria dunha praza de contratado/a doutor, pasando do actual 31/12 do ano en que se aproba a OEP ao 31/08 do ano seguinte ao que se aproba a OEP (fin do curso académico que comeza no ano de aprobación da OEP).

Esta modificación conduciría en primeiro lugar a practicamente evitar que o profesorado teña que asinar un contrato de interino/a de substitución mentres non se aprobe a OEP do ano en que rematan o seu contrato.

Unha segunda consecuencia sería a posibilidade de que as prazas de contratado/a doutor/a sexan resoltas antes da finalización dos contratos de axudante doutor/a actualmente vixentes o que permitiría adiantar ata un ano a estabilización do profesorado que está maioritariamente acreditado como contratado/a doutor/a

Por último, esta modificación suporía unha distribución máis equilibrada das prazas de contratados/as doutores/as que se inclúan nas OEP. A previsión de prazas de estabilización nas ofertas de emprego público con esta modificación sería a seguinte:

- Ano 2019. 14 prazas de contratado/a doutor/a
- Ano 2020. 20 prazas de contratado/a doutor/a
- Ano 2021. 19 prazas de contratado/a doutor/a
- Ano 2022. 20 prazas de contratado/a doutor/a
- Ano 2023. 21 prazas de contratado/a doutor/a